

Paremos a represión sobre a CIG-Servizos! Concentración na Coruña o 28 de xuño



[1]

Solicitudes de penas de prisión contra dous militantes e máis de 40.000 euros en sancións administrativas a 70 afiliados son parte das represalias do Estado español contra a CIG-Servizos. A Federación, en resposta a estes ataques, organiza unha concentración diante Delegación do Goberno español, na Coruña, o 28 de xuño ás 11:00 horas. Adolfo Naya, secretario nacional de Organización, enfróntase a unha petición de catro anos de cadea pola súa participación na folga de instalacións deportivas. Ao compañeiro Marcos Cadórniga solicítanlle penas de 6 meses a 3 anos de prisión e outra de 10 meses de privación de liberdade tamén por tomar parte en diferentes conflitos laborais.

22/6/11.

O Ministerio Fiscal pide para Adolfo Naya unha pena de catro anos de prisión por un “delito contra o dereito dos traballadores”, simplemente por ter participado na folga das [instalacións deportivas galegas](#) [2], desenvolvida entre os anos 2009 e 2010. Ao compañeiro tamén lle solicitan 3.800 euros en concepto de multa. A vista celebrarase na Coruña a mediados do mes de xullo.

Marcos Cadórniga, militante da Federación en Pontevedra, enfróntase a unha petición de 10 meses de cadea e de 6.000 euros por tomar parte na [folga xeral do 29 de setembro de 2010](#) [3]. O activista tamén ten aberta outra causa penal, na que lle solicitan de 6 meses a 3 anos de cárcere e unha multa de 7.200 euros por ter participado nos piquetes da [folga do comercio de alimentación](#) [4] das provincias de Pontevedra e A Coruña, acontecida o 27 de novembro de 2009.

No ano 2010, as diferentes Subdelegacións do Goberno español impuxéronlles sancións administrativas a 70 militantes que superan os 40.000 euros. O Goberno español non tolera as manifestacións, concentracións, folgas e demais actos reivindicativos organizados pola central e opta por afogar economicamente a quen ousa participar neles.

A Federación anima os traballadores e traballadoras a tomaren parte na concentración do martes 28 de xuño, ás 11:00 horas, diante da Delegación do Goberno español, na Coruña (Praza de Ourense 11).

ASÍ NIN NOS DADES MEDO NIN IDES CONSEGUIR QUE PAREMOS!

Novas relacionadas: [Deteñen o compañeiro Adolfo Naya pola súa participación na folga de deportes](#) [5]
[Deteñen o secretario comarcal da CIG-Servizos coruñesa](#) [6]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.09/atinxido-un-principio-de-acordo-no-conflito-dos-deportes>

[3] <http://www.galizacig.com/avantar/novas/29-9-2010/a-folga-xeral-en-galiza-exito-de-participacion-e-exemplo-de-dignidade-da-clase-traba>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.29/exito-sen-paliativos-da-folga-do-comercio-de-alimentacion-malia-a-mezas-dos-empesar>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.17/detenen-o-companeiro-adolfo-naya-pola-sua-participacion-na-folga-de-deportes>

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.10/detenen-o-secretario-comarcal-da-cig-servizos-corunesa>